

VERÁN EN BROOKLYN

[Ira Sachs, 2016]

166

ESTREA EN NUMAX: 21.10.2016 | V.O.S.E. | +12

Little Men (2016, 85')

Dirección: Ira Sachs

Guión: Ira Sachs, Mauricio Zacharias

Reparto: Theo Taplitz, Michael Barbieri, Greg Kinnear, Jennifer Ehle, Paulina García, Alfred Molina

Montaxe: Mollie Goldstein, Affonso Gonçalves

Dirección de arte: Ramsey Scott

Vestuario: Eden Miller

Son: Damian Volpe

Música: Dickon Hinchliffe

Fotografía: Óscar Durán

Produtora: Magnolia Pictures, WME Entertainment (Estados Unidos)

Distribuidora: Golem Distribución

Formato de proxección: DCP 2K, 1.85:1

Idiomas orixinais: Inglés e español

FILMOGRAFÍA

El amor es extraño, 2014

Keep the Lights On, 2012

El juego del matrimonio, 2007

Forty Shades of Blue, 2005

Underground Zero, 2002

The Delta, 1996

PREMIOS E FESTIVAIS

Berlin 2016 (nomeado a mellor filme),

Deauville 2016 (gran premio especial)

SINOPSE

Jake é un mozo artista de 13 anos que acaba de perder ao seu avó, así que a súa familia se muda á casa que tiña en Brooklyn o ancián. No seu novo fogar coñecerá ao carismático Tony, fillo dunha inmigrante chilena que ten unha tenda no andar inferior do edificio. Mais cando os pais dos rapaces empezan a discutir pola renda, a súa profunda amizade colisionará co mundo dos adultos, véndose afectada.

«Pequena e íntima, trátase dunha brillante xoia habilmente elaborada».

Fionnuala Halligan, SCREENDAILY



VERÁN EN BROOKLYN

[Ira Sachs, 2016]

«Encántame a maneira en que o cinema pode capturar a infancia»

Entrevista con Ira Sachs

Por Stephen Saito

Cando fas algo como *Verán en Brooklyn*, que ten tantas capas, por onde comezas? Comecei tentando facer un filme sobre a infancia. Logo precisaba un argumento. Mauricio Zacharias, o meu coguionista, e máis eu atopamos un bo en dous filmes de Yasujiro Ozu nos anos trinta e cincuenta, *He nacido pero...* (1932) e *Buenos días* (1959), ambos protagonizados por dous nenos que se poñen en folga contra os seus pais. Daquela consideramos que a historia de dous nenos que deixan de falar ao pai e á nai dábanos unha liña dramática para chegar a unha chea de cousas que formarían parte da historia. Logo xuntamos un lote de experiencias. Eu, por exemplo, mudeime a Brooklyn en 1988, a unha rúa dominicana dentro dun barrio italiano, un proceso do que gardo unha memoria moi próxima.

Tes comentado que cada un dos teus filmes trata dunha xeración diferente. Realmente consideras que na túa filmografía se dá unha conexión entre un filme e outro, máis aló do feito de que son todos feitos por ti? Si, logo de realizar *El amor es extraño* (2014), centrada nunha xeración maior, sentín a necesidade de centrarme nas xeracións máis novas. Nunca me centro nuns personaxes illadamente con respecto ao resto da xente, daquela o filme vai duns nenos mais tamén da súa relación coas adultos, cos pais e coa familia. Fala das veciñanzas. Ninguén vive illado. Mais encántame a maneira en que o cinema pode capturar a infancia. Coido que hai unha ebulición coa que a cámara conecta á perfección. E penso na miña filmografía como nunha longa historia porque en cada filme hai algo da miña propia vida e das miñas emocións. Ese é o tipo de cinema persoal que me gusta facer.

Adoitas comezar os teus filmes con amigos e familiares reunidos nunha ocasión especial. Acontece en *Forty Shades of Blue* (2005) ou *El amor es extraño* por causa dunha voda, ou en *Verán en Brooklyn* por un funeral. Ademais da economía narrativa que che permite presentar os personaxes hai outras razóns tras esa caste de introdución? Gústame sempre comezar con escenas grupais para contextualizar a vida dos personaxes. Son escenas moi divertidas de filmar realmente. A escena dunha festa implica deixar que as cousas sucedan e hai unha gran vivacidade niso. Neste caso o que acontece na festa vai en oposición directa ao illamento dos dous rapaces do filme. A cerimonia achega un illamento realmente dramático.

Tamén é interesante descubrir que Theo é un artista, na vida real, tendo realizado unha chea de curtametraxes interesantes. Tivo iso algunha influencia no casting? Sabía que era un mozo creativo e lembraba que tocaba nun grupo máis cá súa faceta como realizador. O que me impactou, vendo a súa proba, foi a súa intelixencia emocional, que foi clave no proceso de realización do filme até agora. A gravación do casting é coma un documental sobre o rapaz no filme. El é rápido e perspicaz e eses son grandes activos para un actor.

É certo que non había moita interacción entre Theo e Michael Barbieri antes da gravación? Se é así, isto axudou a que a relación entre ambos semellase tan natural na pantalla? Non había moita pero algunha si había. Non ensaio cos meus actores antes de comezar a gravar, mais tento que se coñezan previamente entre eles antes de comezar. Michael e Theo pasaron xuntos cando menos unha longa tarde.

É certo que a escena de Theo e Michael no metro non estaba planeada? Fomos a Coney Island e volvemos e gravamos case todo o traxecto nas dúas dirección, probablemente máis de catro horas. Ás veces o que un filme precisa son algúns intres de vida cuxa naturalidade asolaguen o resto do filme.

Publicado en <http://moveablefest.com/>
Tradución: Xan Gómez Viñas

NA LIBRARÍA NUMAX

Keeps the Lights On, Ira Sachs. Karma [DVD]

Buenos días, Yasujiro Ozu. A contracorriente films [DVD]

He nacido pero..., Yasujiro Ozu. A contracorriente films [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org


EUROPA CINEMAS
CREATIVE EUROPE - MEDIA SUB-PROGRAMME